

**GALICIA
ESCENA
PRO**

**DO 3 AO 5 DE
NOVEMBRO 2014**

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

SALÓN TEATRO
TEATRO PRINCIPAL
FUNDACIÓN SGAE
AUDITORIO ABANCA

XUNTA DE GALICIA

LUNS 3

SALÓN TEATRO	11 h "Venderse nun ascensor". Taller de estratexias de venda, a cargo de Mikel Ribalta
FUNDACIÓN SGAE	13 h Sala 1 <i>A casa do avó</i> Tanxarina Infantil 55 minutos 14 h Encontro asistentes a Galicia Escena Pro
SALÓN TEATRO	 16 h Asemblea xeral RGTA Presentación Programación Expandida TRC-Danza
AUDITORIO ABANCA	17.30 h <i>Avestruz en terra allea</i> Berrobambán 65 minutos
TEATRO PRINCIPAL	19 h <i>Demolición</i> Talía Teatro 90 minutos
SALÓN TEATRO	22 h SHOWCASES 2 h 30 minutos <i>Psicópata</i> Antón Coucheiro <i>30 e tantos ósos</i> Aporía Escénica <i>Illas Atlánticas</i> A Producións Artísticas <i>Muller cine</i> B.B Producións <i>As fillas bravas</i> Chévere <i>Stay</i> Cisma Danza

MARTES 4

11 h | Sala 1

Ra Ra Ra | Abrapalabra Creacións Escénicas

Infantil | 50 minutos

12.30 h SHOWCASES | 2 h 30 minutos

Os anos oitenta vistos polo Mago Teto | M. Teto

RellusiónArte | Mago Rafa

Roedores | Redrum Teatro

Pedro e o lobo | Fantoques Baj

Gatuxo | Magín Blanco

Cocido sinfónico | Os Tres TENedORES

17.30 h

Desperta!

Pistacatro Productora de sonhos

70 minutos

19 h

Pequenas certezas

Sarabela Teatro

90 minutos

22 h

Que volvan as flores

Pisando Ovos

50 minutos

MÉRCORES 5

11 h | Sala 2

Rumpelstikin, o anano saltarín

Trompicallo & Kalina Teatro

Infantil | 60 minutos

12.30 h | Sala 1

PAN! PAN! | A Panadaría

60 minutos

13.30 h

Encontro asistentes a Galicia Escena Pro

17.30 h

Bobas & Galegas (Mofa & Befá no

Século D'Ouro) | Producións Teatráis

Excéntricas | 85 minutos

19.30 h

Perplexo

Il Maquinario Teatro

80 minutos

22.30 h

Concerto de TALABARTE no Ultramarinos





LUNS 3 | SALÓN TEATRO | 11.00 H

VENDERSE NUN ASCENSOR. TALLER DE ESTRATEXIAS DE VENDA

Imparte:

Mikel Ribalta, produtor, xestor de proxectos e xefe da Área de Promoción Internacional de FiraTàrrrega.

Organiza:

COFAE, Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español

Estratexias de presentación de proxectos e modelos de venda, buscando captar a atención e o interese do posible comprador.

Obxectivos:

- Aproximación ás técnicas de venda de xeito introdutorio.
- Proporcionar ferramentas aos responsables de venda para un bo exercicio do seu labor.
- Presentar modelos e mecanismos de contacto profesional para a opinión e o debate.
- Facilitar información actualizada e contrastar exemplos reais e actuais.
- Aproximar as compañías aos mercados internacionais.
- Provocar a reflexión sobre os mecanismos de venda e o intercambio de experiencias.

cofae

coordinadora de ferias
de artes escénicas
del estado español



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN,
CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCÉNICAS





LUNS 3 | FUNDACIÓN SGAE | 13.00 H | SALA 1

A CASA DO AVÓ

TANXARINA

Familiar, a partir de 6 anos

Monicreques e actores

55 minutos

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Tanxarina, Cándido Pazó

Escenografía: Pablo Giraldez "O Pastor"

Iluminación: Tanxarina

Son: Tanxarina

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Francisco Barreiro

Elenco: Andrés Giraldez Río, Eduardo A.

Rodríguez Cunha "Tatán",

Miguel Borines Fernández

Roberto recibe a noticia de que seu avó vai quedar sen casa. Ante esta inxusta situación, o neno ponse en marcha para atopar unha solución e, nesta busca, dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras protagonizadas polos máis variados personaxes. Un encontro cómico e poético que desemboca nun final feliz propiciado polo apoio solidario.

www.tanxarina.es

facebook.com/tanxarina



LUNS 3 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

AVESTRUZ EN TERRA ALLEA

BERROBAMBÁN

Adulto

Teatro

65 minutos

Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Chiqui Pereira

Adaptación: Paula Carballeira a partir do poemario *Contatrás*

Escenografía: Mariña de Toro, Fran Corral

Iluminación: Baltasar Patiño

Son: Nacho Sanz

Vestuario: Leticia Delgado

Música: Nacho Sanz

Asesoramento coreográfico: Olga Cameselle

Elenco: Paula Carballeira, Nuria Sanz, Chiqui Pereira

www.berrobamban.com

Coa publicación do poemario *Contatrás* (Edicións Positivas 2006), decidimos pór en marcha un proxecto teatral que consistía na realización de dous espectáculos para públicos diferentes a partir deste texto. Mentres en *A folla máis alta* reflexionamos sobre a infancia, en *Avestruz en terra allea* facémolo sobre a madurez. Non cremos en temas tabús para a infancia, senón en cousas que @s nen@s aínda non poden comprender por falta de experiencia vital. En *Avestruz en terra allea*, Berrobambán recolle a aparente sinxeleza e o carácter lúdico do poemario para promover a reflexión crítica sobre a nosa propia existencia, sobre os nosos desacougos, coa intención de ofrecer unha esperanza, un gusto por camiñar cara adiante coa ilusión de quen comeza unha aventura que deixamos atrás hai moito tempo.



LUNS 3 | TEATRO PRINCIPAL | 19.00 H

DEMOLICIÓN

TALÍA TEATRO

Adulto, N.R.M. de 13 anos

Teatro

90 minutos

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro

Elenco: Toño Casais, Artur Trillo

www.taliateatro.es

facebook.com/talia.teatro.39

Unha situación, un conflito, personaxes e diálogo. Catro pés para o banco da comunicación teatral. Hai outros. Pero quixemos probar se chegaba con estes para que o banco se mantivese en pé.

“Comidrama”. Xa que o concepto existe, outorguémoslle un nome. Un termo que exprese esa alquimia dramática entre o humor e a emoción, entre a dor e o pracer, entre o divertimento e a reflexión. A espera, un eco beckettiano que chega de lonxe. O fracaso colectivo, reverberando metaforicamente. A fragilidade humana, resoando no fondo do precipicio.



MARTES 4 | FUNDACIÓN SGAE | 11.00 H | SALA 1

RA RA RA

ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS

Infantil, de 3 a 12 anos

Teatro

50 minutos

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: Afonso Castro

Son: Manuel Riveiro

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Manuel Riveiro

Elenco: Beatriz Méndez, Carla Capeáns,

Toni Salgado, Víctor Mosqueira

Un divertido espectáculo no que, xogando en verso ou en prosa, dous actores e dúas actrices fan que as ras, perdéndolle o medo á noite, aprendan a cantar.

***Ra Ra Ra** / fala de cando as ras, / moitísimo tempo atrás, / pola noite non cantaban, / porque tiñan medo / e deitábanse cedo. / Así que chegaban / as primeiras tebras / e, negras, pintaban / de sombras o río... / Que canguelo! Que arrepío!*

www.belenpichel.com



MARTES 4 | AUDITORIO ABANCA | 17.30 H

DESPERTA!

PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

Todos os públicos

Novo circo

70 minutos

Autoría: Colectivo Cía. Pistacatro

Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"

Escenografía: Fino

Iluminación: Fidel Vázquez

Son: Cía. Pistacatro

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Narf

Elenco: Ariñe Azkúe, Manuel Lago, Aitor

Garuz, Óscar Páez

Desperta! é un espectáculo de novo circo que afonda na identidade individual, no que nos iguala e no que nos diferencia, no que transcorre na intimidade dun baño cando ninguén mira. Unha historia cotiá do universo fantástico de persoas que poderíamos ser calquera de nós. Onde somos máis idénticos e cando máis distintos? Realmente espertamos, ou somos a continuación dos nosos soños? Unha comedia circense para non parar de rir con asombrosas exhibicións de técnicas que farán as delicias do público.

facebook.com/pista4



MARTES 4 | TEATRO PRINCIPAL | 19.00 H

PEQUENAS CERTEZAS

SARABELA TEATRO

Adulto

Teatro

90 minutos

Autoría: Bárbara Colio

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación: Nate Borrajo

Escenografía: Suso Montero

Iluminación: Baltasar Patiño

Proxeccións: Diego Blanco

Son: Renata Coddá Fons

Vestuario: Marta Anta

Maquillaxe e perruquería: Raquel Fidalgo

Fotografías: Ovidio Aldegunde

Deseño gráfico: Expresiva

Música: Renata Coddá Fons

Elenco: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Nate Borrajo, Sabela Gago, Fina Calleja

www.sarablateatro.com

Pequenas certezas explora a presenza de alguén a través da súa ausencia: Mario desaparece e, na súa busca, familiares e amigos atopan que as versións de cada un deles en torno á mesma persoa son distintas e ás veces contrapostas.

A nosa existencia confórmase de todo o que temos e tamén de todo o que perdemos. Cando o noso corpo perde un órgano, el mesmo se protexe enchendo ese baleiro coa creación de novas conexións; así, na vida, cando se nos extrae un amor, unha presenza, un ser que é parte de nós, tamén debemos encher ese baleiro. Un preséntase ante os outros como ese que se ve aí, pero só un sabe que todas as ausencias que nos acompañan nos fan ser o que somos. Unha historia de cruzamentos, suspense e humor.



MARTES 4 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

QUE VOLVAN AS FLORES

PISANDO OVOS

Adulto

Danza

50 minutos

Creación e interpretación: Rut Balbís

Axuda en dirección: Janet Novás

Iluminación: Afonso Castro

Técnico en escena: Afonso Castro/Fili

Vestuario: Santos Salgado

www.pisandoovos.com

facebook.com/pisandoovos

Que volvan as flores é unha práctica sobre a creación de imaxes no momento. Por isto, a peza reconstrúese cada vez que se representa e a variación é unha característica constante.

Partindo do concepto do desapego ás accións e baixo a rutina no “refacer”, enfrontámonos en cada exposición da peza a un momento diferente do que queremos facer participe ao público. A propia peza fala sobre o proceso de creación, construíndose ao mesmo tempo que se amosa.

En *Que volvan as flores* son 25 cadeiras as que dan volume ás imaxes que se van construíndo e deconstruíndo, invitando ao espectador a encher coa súa mirada os ocos baleiros. Unha peza aberta e viva que se irá transformando a medida que pase o tempo.



MÉRCORES 5 | FUNDACIÓN SGAE | 11.00 H | SALA 2

RUMPELSTIKIN, O ANANO SALTARÍN

TROMPICALLO & KALINA TEATRO

Infantil, de 5 a 12 anos

Teatro de monicreques

60 minutos

Autoría: Plamen Dipchikov

Dirección: Plamen Dipchikov

Adaptación: Plamen Dipchikov

Escenografía: Ani Petrova

Iluminación: Ani Petrova

Son: Kalina

Vestuario: Ani Petrova

Elenco: Plamen Dipchikov, Marián González,
Luis González

www.rumpelstikin.com

www.kalinateatro.com

www.trompicallo.com

Se a vida se pode representar como un fío, resulta que a biografía é o nobelo enteiro; e para contar a historia de calquera persoa tes que liar o fío que leva dentro.

Esta linguaxe metafórica é a esencia do espectáculo. Todos os elementos -os personaxes, o decorado e sobre todo a acción- están "atados" con anacos de fíos e fitas nunha expresiva imaxe escénica. Os actores enfián o conto interpretando a vida da filla do muiñeiro. Como é posible fiar de calquera herba seca un fío de ouro puro, tal como promete o pai? Cal é o prezo da riqueza? Onde está o troco coa pobreza? Quen é o estraño personaxe que aparece da nada disposto a axudala?

A posta en escena dá respostas firmes, utilizando un formato grande que une elementos de teatro visual, obxectos animados, sombras e proxeccións.



MÉRCORES 5 | FUNDACIÓN SGAE | 12.30 H | SALA 1

PAN! PAN!

A PANADARÍA

Adulto

Teatro (comedia musical)

60 minutos

Creado por: Areta Bolado, Noelia Fernández,

Ailén Kendelman

Idea orixinal e texto: Areta Bolado

Música: Ailén Kendelman

Atrezzo: Isabel Mouzo

Iluminación: Montse Piñeiro

Fotografía: Pilar Abades

Deseño gráfico: Noelia Fernández

Elenco: Areta Bolado, Noelia Fernández,

Ailén Kendelman

www.apanadaria.es

PAN! PAN! conta a historia de Harry, un cowboy americano que viaxa de Mississippi a Arkansas perseguindo a un indio que roubou a súa muller, da que está profundamente namorado. A través da aventura deste antiheroe, redescubriremos ese mundo sen lei dos ranchos vaqueiros, as fedorentas cantinas e os desertos cheos de perigos. Como nunha película do Far West, haberá whisky, balas e country. Amor e vinganza a partes iguais! Partindo dun escenario baleiro, desmontamos, cuestionamos e reconstruímos as vellas películas do Oeste. Unha homenaxe de tres actrices a esas películas cheas de homes salvaxes e sucios coas que nós, os nosos pais e avós medraron. Oito personaxes, cinco espazos e toda unha banda sonora con música vocal en directo creada por só tres intérpretes.



MÉRCORES 5 | TEATRO PRINCIPAL | 17.30 H

BOBAS & GALEGAS (MOFA & BEFA NO SÉCULO D'OURO)

PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS

Adulto

Teatro

85 minutos

Dramaturxia e dirección: Quico Cadaval
Con textos de: Andrés de Claramonte, Pedro de Calderón, Francisco de Quevedo, Juan de Zamora, Juana Inés de la Cruz, Félix Lope |
Maestro de Verso: Jesús Aladrén | Espazo escénico e iluminación: Baltasar Patiño |
Dirección musical: Fernando Reyes |
Vestuario: Cloti Vaello | Xefe técnico: Octavio Mas | Deseño gráfico: Marcelino de Santiago, "Kukas" | Video promocional & Making of: Miguel Fernández | Producción: Rubén G. Pedrero | Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira

www.excentricas.net

Un dúo cómico procedente dos límites da delincuencia, Mofa&Befa, foron detidos o ano pasado en Almagro tras inflixir dolorosas feridas ao inmortal Shakespeare. Postos en liberdade por un erro xudicial, saen do cárcere, onde os reclusa a crítica, e regresan a Almagro para saciar a súa sede de vinganza. Quen é a vítima? O inocente teatro clásico español. Aproveitando o seu acento, fanse pasar por criados galegos e desgástanse cinicamente en xenuflexións e reverencias para conquistar a simpatía do público. No cárcere adquiriron unha enfermidade de transmisión textual que os obriga a falar en verso. Tanto lles dá a redondilla coma o romance, aínda que non lle fan noxos ao agradoce sabor da silva. Poden transformarse, para lograr os seus fins, en anxos ou demos, cabaleiros ou bufóns, bobas ou galegas.



MÉRCORES 5 | SALÓN TEATRO | 19.30 H

PERPLEXO

ILMAQUINARIO TEATRO

Adulto

Teatro

80 minutos

Autoría: Marius Von Mayenburg

Dirección: Tito Asorey

Adaptación: Tito Asorey

Tradución: Catuxa Pato

Escenografía: Luis Iglesias "Luchi"

Iluminación: Tito Asorey, Germán Gundín

Son: Tito Asorey, Laura Míguez

Vestuario: Yaiza Pinillos

Elenco: Fernando González, Laura Míguez,

Fran Lareu, Melania Cruz

www.ilmaquinarioteatro.com

Cres que sabes perfectamente quen es.
Cres que sabes perfectamente quen son as
persoas que están ao teu carón. A túa parella.
O teu mellor amigo. A túa nai. Cres que sabes
perfectamente o que está sucedendo ao teu
redor. Cres que ti manexas a situación. Cres
que es TI quen conformas a túa propia reali-
dade. Que sabes perfectamente como é a
túa vida. Que o teu fogar é teu e que tes un
nome, unha tarxeta de crédito e unha póliza
de seguros. Cres que tes CERTEZAS. Pero
as CERTEZAS neste mundo son case unha
UTOPIA. Ata que punto é real o que inxenua-
mente adoitamos chamar "realidade"? Cando
toda a realidade se derruba ao noso redor...
a que podemos aferrarnos?...

Benvidos ao universo de **Perplexo**, o novo
espectáculo de IlMaquinario Teatro.



LUNS 3 | SALÓN TEATRO | 22.00 H

MARTES 4 | SALÓN TEATRO | 12.30 H



LUNS 3

PSICÓPATA

ANTÓN COUCHEIRO

Adulto

Teatro

75 minutos

Autoría: Manuel Cortés, Antón Coucheiro

Dirección: Manuel Cortés, Simone Negrín

Adaptación: Manuel Cortés, Antón Coucheiro

Escenografía: Antón Coucheiro

Iluminación: Fidel Vázquez

Son: Túlio Flávio

Vestuario: Clotilde Vaello

Música: Túlio Flávio, Jose Díaz

Coreografía: Antón Coucheiro

Elenco: Antón Coucheiro, Túlio Flávio

antoncoucheiro.wix.com/psicopata

Germán Serra é un verdadeiro monstro.

Coñecido coma o Artista do Cúter, deixou un regueiro de asasinatos e pezas de arte con cadáveres que o fixeron famoso. Despois de dez anos en cadea, accedeu a realizar unha serie de performances organizadas por Institucións Penitenciarias para reducir a súa condea. Leva unha década sen matar, pero hoxe pode ser diferente...

Psicópata é unha comedia negra sobre a falta de empatía, sobre o ascenso ao poder dos que non teñen escrúpulos e sobre o propio lado escuro que todos levamos dentro.

Suspense, interacción co público, vídeos, cancións, humor gráfico, gore, playmobils, dj, provocación, efectos especiais, un pouco de terror e sobre todo humor negro; todo iso é *Psicópata*.



LUNS 3

30 E TANTOS ÓSOS

APORÍA ESCÉNICA

Adulto

Teatro

70 minutos

Autoría: Creación colectiva

Dramaturxia e dirección: Diana Mera

Escenografía: Diego Valeiras

Iluminación: Diego Valeiras

Vestuario: Aporía Escénica

Música: Teté García ao piano e música gravada

Coreografía: Aporía Escénica

Elenco: Teté García, Diana Mera, Merche Pérez, María Roja

30 e tantos ósos é unha viaxe de catro mulleres de 30 e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcasas prefabricadas, adoptando condutas alleas, deciden transcender a pel e a carne a través da figura mítica da Loba, para chegar aos seus ósos, á materia máis elemental, onde se inscribe a súa historia persoal e colectiva e se atopa, desterrado, o seu potencial máis vital e salvaxe.

facebook.com/aporiateatro



LUNS 3

ILLAS ATLÁNTICAS

A PRODUCCIÓN ARTÍSTICA

Adulto

Danza e teatro

60 minutos

Autoría: Creación colectiva

Dirección: Olga Cameselle, Alfredo

Rodríguez

Adaptación: A Artística Teatro & Danza

Escenografía: A Artística

Iluminación: A Artística

Son: Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez

Vestuario: La Canalla

Música: Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez

Elenco: Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez

www.aartistica.net

facebook.com/aartistica.vigo

Illas Atlánticas é un espazo propio, un lugar rodeado de nada por todas partes. *Illas Atlánticas* son dous 'solos', un monologado e outro danzado cos que se propón unha viaxe á Illa Norte e á Illa Sur. A Illa Norte é unha vida resumida en libros; uns libros arquivados nunha caixa, unha caixa que semella unha illa, un camiño de lousas coma bateas, que xorden á superficie. E por riba de todo, un chapeu que contempla dende fóra... dende unha escaleira. "O actor chega de onde sae. O que vén a refacer cada noite á vista de todos e recaer con palabras polos ocos. Se xordes de onde saes, diríxete ao lugar de onde procedes" (Valère Novarina). Norte, sur, leste, oeste. Cal é a referencia? O norte magnético xa non está onde estaba. Entón, onde estou eu neste preciso momento?, cal é o compás axeitado?



LUNS 3

MULLER CINE

B.B PRODUCCIÓN

Adulto

Teatro musical

45 minutos

Autoría: Blanca Cendán e Suso Alonso

Dirección: Blanca Cendán

Escenografía e deseño gráfico: Virxinia Barros

Vídeo e proxección en directo: Jorge García (VHF)

Iluminación: B.B Produccións

Son: Suso Alonso

Vestuario: Rosa Brage

Música en directo: Suso Alonso

Coreografía: Xenia Tartari

Elenco: Blanca Cendán, Suso Alonso, Jorge García (VHF)

Blanca Cendán e Suso Alonso métense nos fotogramas do celuloide para darnos unha visión da muller no cine ao longo da historia. Dende Louise Brooks interpretando a tola Lulú da *Caixa de Pandora*, pasando pola Lola de Marlene Dietrich no *Anxo Azul*, a Dorothy de Judy Garland do *Mago de Oz*, a “Gilda” de Rita Hayworth, a Holly de Audrey Hepburn en *Almorzo con Diamantes*, a Meibol de *Río Bravo*, a Velma Kelly de *Chicago* e, como non, as mulleres almodovarianas e algunha que outra sorpresa do cine galego. Todas e cada unha delas, sedutoras, doces, *femmes fatales*, masculinas, femininas, crueis e submisas, interpretadas por unha actriz acompañada en directo por un pianista e as proxeccións cinematográficas sobre o seu propio corpo vestido de branco que fará de pantalla móbil durante a escena.



Gabriel Tizón

LUNS 3

AS FILLAS BRAVAS

CHÉVERE

Adulto

Teatro

50 minutos

Autoría: Chévere

Dramaturxia e dirección: Xron

Escrita: Manuel Cortés

Adestramento musical: Inés Portela

Son: Xacobe Martínez Antelo

Caracterización: Fany Bello

Música: popular

Elenco: Patricia de Lorenzo, Mónica García,

Arantza Villar

<http://redenasa.tv>

As Fillas Bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta, como antes fixeron as súas nais e as nais das súas nais; porque son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

Chévere segue a explorar as posibilidades dun teatro con perspectiva de xénero, dando continuidade a traballos que cuestionaron a rixidez dos xéneros (*Testosterona*) ou que reivindicaron voces silenciadas dunha forza de traballo feminina que segue levantando imperios económicos na era da globalización (*Citizen*), entre outros. *As Fillas Bravas* veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.



LUNS 3

STAY

CISMA DANZA

Adulto

Danza

16 minutos

Autoría: Leodán Rodríguez Casas, Isabel

Sánchez Temprano

Dirección: Leodán Rodríguez Casas, Isabel

Sánchez Temprano

Iluminación: La Incidente D-T, Cisma Danza

Son: La Incidente D-T, Cisma Danza

Vestuario: La Incidente D-T, Cisma Danza

Música: Fantazio

Coreografía: Leodán Rodríguez Casas, Isabel

Sánchez Temprano

Elenco: Leodán Rodríguez Casas, Isabel

Sánchez Temprano

Coproducción de La Incidente D-T e Cisma Danza.

En *Stay* preséntase o momento en que as circunstancias te fan cómplice dunha trama. Da implicación florece a dúbida de ser partícipe ou non. Esta responsabilidade pesa e ha de ser cargada con coidado pois tamén é fráxil. Ti pasabas por aí, eles tamén.



MARTES 4

OS ANOS 80 VISTOS POLO MAGO TETO

MAGO TETO

Familiar

Maxia

97 minutos

Autoría: Héctor Guerra

Dirección: José Luis Prieto Roca

Escenografía: Álex Fernández, Alexis Magic

Iluminación: Afonso Castro

Son: Héctor Guerra

Vestuario: M.T.

Música: Los Rubicubies

Elenco: María Roja, Héctor Guerra, Jorge

Prieto / Músicos: Gonzalo Alonso, Beni Gago,

Jesús Tejada, Afonso Castro

Os anos 80 vistos polo Mago Teto, trece *sketchs* máxico cómicos sobre os anos 80 dende o punto de vista do ilusionista. Hai maxias que tocan os concursos da televisión, o mundo do cine e das famosas series coas que medramos, o deporte, a situación social e a política... e, por suposto, a música. O muro de Berlín, ET o extraterrestre, os míticos Europe, Félix Rodríguez de la Fuente, Tranchete, as bonecas de Famosa... son algúns dos elementos que fan posible estes 97 minutos de humor e maxia. Aparicións, transformacións, predicións, maxia con pequenos obxectos, adiviñacións imposibles... son parte da maxia que podemos ver neste show.

www.magoteto.com

facebook.com/pages/mago-teto/148754421861706



MARTES 4

REILUSIONARTE

MAGO RAFA

Todos os públicos

Maxia

75 minutos

Autoría: Rafael Pereira

Dirección: Rafael Pereira

Adaptación: Rafael Pereira

Escenografía: Alejandro Freire

Iluminación: Alejandro Freire

Son: Alejandro Freire

Vestuario: Armesto Moda

Música: David Prado

Elenco: Mago Rafa

www.magorafa.com

facebook.com/magorafalugo

En épocas difíciles como a actual é aínda máis imprescindible ilusionarse, de aí este novo espectáculo do Mago Rafa, *RellusionArte*, que ensina a mirar a realidade doutra forma, cos ollos dun neno. Un espectáculo que non pode chegar en mellor momento. Son moitas as persoas que necesitan volver a crer, volver á súa infancia e “volver a reilusionarse”. Rafa promete facelo grazas a increíbles efectos máxicos, creados para a ocasión, e claras mensaxes, doadas de recordar, que calen nun público de todas as idades.

Solidariedade, ilusión, esforzo, traballo ben feito, gratitude, amizade, paixón, desafío, entusiasmo, enerxía e optimismo son as accións nas que nos baseamos para crear este espectáculo, sen dúbida necesario e inesquecible, un bo punto de partida.



MARTES 4

ROEDORES

REDRUM TEATRO

Infantil, de 3 a 12 anos

Teatro

50 minutos

Autoría: Alex Sampayo, Borja F. Caamaño

Dirección: Alex Sampayo

Escenografía: Redrum Teatro e Escenosest

Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Son: David Machado

Vestuario: Cloti Vaello

Música: Manuel Riveiro

Elenco: Guillermo Carbajo, Sheyla Fariña,

Carlos Álvarez-Ossoiro

redrumteatro.wix.com/roedores

facebook.com/moito.conto

Peludiño é un hámster que escapou da súa gaiola para vivir aventuras na cidade. Munda é unha rata soñadora que pasa as noites rebuscando no lixo para levarlles comida aos seus irmáns. Estes dous roedores terán que deixar atrás os seus prexuízos e traballar en equipo para vencer o temido Gato. Xuntos aprenderán que son máis parecidos do que eles pensaban e que as diferenzas os fan especiais. Ao fin e ao cabo, “todos somos roedores”.

Roedores é un espectáculo familiar no que se fomenta a igualdade. A través das aventuras de Peludiño e Munda, os cativos achegaranse a conceptos como o de igualdade de xénero, de oportunidades, social, de dereitos... E entenderán o valor da amizade, do traballo en equipo e da aceptación dun mesmo e dos demais.

PEDRO E O LOBO



MARTES 4

PEDRO E O LOBO

FANTOCHES BAJ

infantil, de 3 a 10 anos

Teatro de monicreques

50 minutos

Autoría: Inácio Vilariño sobre texto de Prokofiev

Dirección: Inácio Vilariño

Adaptación: Inácio Vilariño

Escenografía: Luis Iglesias, Inácio Vilariño

Iluminación: Xacobo Castro

Arranxos musicais: Benxamín Otero

Vestuario: Olga Vieites

Elenco: Larraitz Urruzola, Luis Iglesias

"Luchi", Inácio Vilariño

A proposta de Fantoques Baj para esta posta en escena do tradicional conto *Pedro e o Lobo* coa marabillosa música de Prokofiev opta por un musical de teatro, con traballo actoral e monicreques de mesa nun contorno de maqueta de ferrocarril para contar aos pequenos e pequenas unha historia de emocións humanas: a superación, o amor, a vinganza, o medo e o orgullo e, finalmente, unha defensa do lobo e da necesidade de valorar a natureza.



MARTES 4

GATUXO

MAGÍN BLANCO

Infantil, de 0 a 5 anos

Teatro musical

50 minutos

Autoría: Magín Blanco, Jorge Juncal, María

Faltri, Raquel Queizás

Dirección: Raquel Queizás coa complicitade de María Torres

Escenografía: Luís Brotóns

Iluminación: Beatriz Cortizas

Son: Manolo Dourado

Vestuario: Julia Brotóns, Cristina Castiñeiras

Música: Magín Blanco, Jorge Juncal, María Faltri

Elenco: Magín Blanco, Jorge Juncal, María Faltri, Raquel Queizás

A crianza gatea para explorar e coñecer o mundo que a rodea. *Gatuxo* é un espectáculo onde se fusionan as artes, a música, as cantigas, o teatro, os contos, o clown, a manipulación de obxectos, todo interpretado por tres músicos a dúas voces e unha actriz, dirixido a crianzas de 0 a 5 anos e aos seus familiares acompañantes.

Gatuxo é a semente da arte mesma.



MARTES 4

COCIDO SINFÓNICO

OSTRES TENEDORES

Infantil, maiores de 4 anos

Teatro musical

50 minutos

Autoría: Os Tres TENedORES

Dirección: Pepablo Patinho Pena

Escenografía: Os Tres TENedORES

Iluminación: Os Tres TENedORES

Son: Os Tres TENedORES

Vestuario: Os Tres TENedORES

Música: Os Tres TENedORES

Elenco: Saúl Cacharrón, Martín Nogueira,
Paco Nogueiras

Espectáculo innovador de teatro, música e humor, dirixido a un público infantil e familiar. Nesta ocasión as portas deste peculiar restaurante ábrense dispostas a ofrecerlles aos comensais as músicas máis saborosas, acompañadas dos pratos máis suculentos e novos.

Prepara o teu padal e colle asento, pois poderás degustar os momentos máis exquisitos e larpeiros con este cocido sinfónico.

Con todo, só nos resta desexarvos un bo proveito!

www.ostrestenedores.com

www.urdime.net

MÉRCORES 5 | PUB ULTRAMARINOS | 22.30 H

TALABARTE

CONCERTO

Quim Farinha (Violín) | Kin García (contrabaixo) | Pedro Pascual (acordeón diatónico)

Tras anos coincidindo e compartindo diversas experiencias musicais, estes tres grandes músicos deciden poñer a andar seu propio proxecto artístico, motivado pola súa recíproca admiración e amizade. Unidos ademais pola madeira dos seus instrumentos e cunha concepción musical común, funden conceptos diversos na súa viaxe musical: acústico, de raíz, improvisación, atemporal, aventura, surrealismo, gastronomía... sendo precisamente este último a fonte principal de inspiración do novo traballo que andan "cociñando", unindo dous grandes mundos: "food&music". Contan co aval de ter tocado con Berrogüetto, Marful, Susana Seivane, Uxía, Leilía, Xosé Manuel Budiño, Rodrigo Romani...



GALICIA GALICIA ESCENA ESCENA PRO PRO

www.agadic.info/galiciaescenapro
www.galiciaescenapro.com

ORGANIZA:

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais

galicia



XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN:


CONCELLO DE
SANTIAGO

fundación  sgae

//ABANCA